



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

**Descrición Decreto:** Nomeamento persoal laboral temporal peón protección e mantemento medioambiental Aproz Rural 2024

## DONA MARIA JESUS NOVO GOMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Concluídas as probas de selección mediante oposición e vista a proposta que consta na acta do Tribunal cualificador de data 16/05/2024 e de acordo coas bases da convocatoria para a selección dun/ha peón/peoa para protección e mantemento medioambiental subvencionado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para o fomento do emprego no medio rural ( Aproz Rural), aprobado por decreto de alcaldía núm. 210/2024 de data 02/05/2024.

Vista a resolución de concesión de subvención da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para o fomento do emprego no medio rural ( Aproz Rural), concedendo ao Concello de Boimorto unha subvención total de 16.107,79 euros ( expediente TR351G 2024/000021-1) para a contratación por un período de nove ( 9) meses a xornada completa dun/ha peón/peoa para protección e mantemento medioambiental tendo como data límite para formalizar a contratación o día 20 de maio de 2024.

Esta Alcaldía no uso das atribucións outorgadas legalmente no marco das competencias da Alcaldía sinaladas no artigo 21 da Lei 7/1985 de bases do réxime local polo presente **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar as seguintes puntuacións da oposición segundo a acta do Tribunal cualificador de data 16/05/2024 para a selección dun/ha peón/peoa para protección e mantemento medioambiental subvencionado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para o fomento do emprego no medio rural ( Aproz Rural):

PEÓN/PEOA PROTECCIÓN E MANTEMENTO MEDIOAMBIENTAL – APROZ RURAL		
APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN OPOSICIÓN
GARCÍA RAMOS JOSE ANTONIO	XXX6985XX	8
GÓMEZ AGRA, ÓSCAR	XXX3605XX	20

**SEGUNDO.-** Nomear como peón para protección e mantemento medioambiental Aproz rural 2024 a Óscar Gómez Agra con DNI XXX3605XX.

Condiciónase a formalización do contrato en aplicación da base sexta da convocatoria á

presentación polo interesado da seguinte documentación:

- Fotocopia (que debera presentarse xunto co orixinal para o seu cotexo) do Documento Nacional de Identidade.
- Fotocopia (que debera presentarse xunto co orixinal para o seu cotexo) do Título esixido.
- Declaración xurada de que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin encontrarse inhabilitado/a para o exercicio da función pública por sentenza firme.
- Declaración xurada de non encontrarse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido o momento da súa toma de posesión.
- Certificado médico oficial, acreditativo de non padecer enfermidade ou minusvalía que impida exercer-la función propia a desenrolar.

**TERCEIRO.-** Notificar persoalmente o presente decreto ao seleccionado indicado no apartado segundo e comunicar aos servizos administrativos para que se tramite presentada a documentación requerida a alta do traballador na seguridade social e se asine e rexistre o contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral a xornada completa, duración de nove meses e con efectos de alta do 20/05/2024.

**CUARTO.-** Publicar este decreto no taboleiro de edictos e na páxina web do concello aos efectos oportunos.

Decretoouno a Alcaldía, Boimorto á data da súa sinatura dixital, do que eu Secretario deste Concello, dou fe e traslado

A Alcaldesa - Presidenta

Dou fe, o secretario

Asdo.- MARIA JESUS NOVO GOMEZ

Asdo.- JORGE BOADO FERNÁNDEZ